

## 1º CICLO

Donas e cabaleiros  
presten atención,  
que os do primeiro ciclo  
comezan a actuación.

Vimos das nosas casas  
Para cantar o maio  
Choveu todo o inverno  
e aínda estamos mollados.

María José e Antonio  
son uns profes mandóns,  
pero se están de boas  
nos molan un montón.

Mándannos facer contos  
e tamén poesías,  
só falta que nos manden  
facer unha revista.

A nós o que nos gusta  
é saír ó recreo,  
xogar a moitas cousas  
con outros compañeiros.

Ao director pedimos  
que faga unha excursión  
que temos moitas gañas  
de armar algún follón.

A despedida damos  
ás súas señorías,  
marchamos para clase  
a xogar coa plastilina.

Deixamos este maio,  
para o ano volvemos.  
Que pasen a cantar  
os do curso de terceiro.